

María J. Wonenburger Planells (Montrove, A Coruña, 1927-)



Matemática galega, investigadora nos Estados Unidos e Canadá.
Por parte de pai, tivo tataravós alsacianos. A súa nai era valenciana.
Licenciada en Matemáticas, pola Universidade Central de Madrid, en 1950.
En 1953 formou parte da primeira promoción das bolsas Fullbright, o que lle permite acceder á Universidade de Yale, EUA.
En 1957, defende nesta universidade a súa tese de doutoramento sobre teoría de grupos, *On the group of similitudes and its projective group*.
De regreso a España, traballou como investigadora no CSIC durante tres anos. Aproveita este tempo para facer outra tese de doutoramento en España, porque non se lle reconece a realizada nos EUA.
En 1960, por non ter posibilidades de traballo en España, vaise cunha bolsa á Universidade de Queen (Ontario, Canadá).
Entre 1962 e 1966 traballa como profesora axudante na Universidade de Toronto (Canadá), e é a única profesora de Matemáticas nesa universidade. Aí comeza a dirixir teses de doutoramento.
Entre 1966 e 1983 é profesora nas universidades de Búfalo e Indiana, e lidera un importante e produtivo grupo que vai á cabeza en investigación.
En 1983 regresa a España por motivos familiares e non consegue praza de profesora en ningunha universidade. Segue a traballar a distancia co seu grupo.
Dende hai poucos anos empeza a ser reconecida pola comunidade matemática española e a sociedade civil e académica galega, a raíz da publicación en 2006, na *Gaceta da Real Sociedade Matemática Española*, dun artigo sobre ela, escrito por dúas profesoras da Universidade da Coruña.
É membro de honra da Real Sociedade Matemática Española.
En 2007 a Unidade de Muller e Ciencia da Xunta de Galicia creou o *Premio María Wonenburger* para reconecer ás mulleres galegas con traxectorias notables no ámbito da Ciencia e da Tecnoloxía.
En España, non se lle reconece a titulación de doutora ata 2008.
En 2010 é nomeada *doutora honoris causa* pola Universidade da Coruña.